

As entradas para o único concerto que Rodrigo Cuevas ofrecerá en Galicia no marco da xira 'La Belleza' poranse á venda mañá, martes 23

O artista actuará o 30 de abril no Coliseum da Coruña, nunha cita na que o público se poderá situar no escenario, transformado nun 'llagar', e ser parte do espectáculo

As entradas para a presentación en Galicia do novo traballo discográfico do asturiano poderanse adquirir a partir das 11.00 horas deste martes 23 a través de [Ataquilla.com](https://ataquilla.com), e rodrigocuevas.sexy; mais os billetes para ser parte da experiencia inmersiva do llagar unicamente estarán dispoñibles nesta última



A Coruña, 22 de decembro de 2025.- Rodrigo Cuevas presentará a súa nova proposta escénica, *La Belleza*, o 30 de abril no Coliseum da Coruña. Será a única actuación que o artista asturiano ofrezca no 2026 en Galicia no marco da súa nova xira. **As entradas poranse á venda mañá, martes 23, a partir das 11.00 horas.**

La Belleza transformará parte da pista do recinto coruñés nun 'llagar', local tradicional no que se fai a sidra. Neste espazo, convertido en escenario, **o público -sentado en mesas- formará parte do show e convivirá co cantante**, quen interactuará coas persoas que teñan billete para gozar desta experiencia inmersiva. Este tipo de entrada, ademais, acompañarase dunha **degustación de sidra e outros produtos asturianos** desde a apertura de portas e até o inicio do show.

Rodrigo Cuevas iniciará a xira *La Belleza*, unha fantasía escénica e argumental, o 24 de abril en Avilés. A súa actuación no Coliseum será, polo tanto, a segunda cita dun tour que fará da indiferenza un lugar intransitable. As entradas para asistir ao **único concerto que ofrecerá en**



Galicia no 2026 poranse á venda mañá martes, 23 de decembro, ás 11.00 horas, a través das plataformas [Ataquilla.com](https://ataquilla.com) e rodrigocuevas.sexy. Só nesta última web estarán dispoñibles os billetes especiais para gozar da experiencia inmersiva do **Llagar La Panoya Dorada** -que inclúe asento reservado nunha das mesas do escenario, servizo de sidra e outros agasallos- situado como escenario, e que **permitirá ao público formar parte do espectáculo**. Estas entradas serán limitadas e sen numerar, e o acceso será por orde de chegada ao Coliseum.

LA BELLEZA, DE RODRIGO CUEVAS
30.04.2026 COLISEUM DA CORUÑA

Activación da venda de entradas: martes 23 de decembro ás 11.00 horas

Plataformas de venda: [Ataquilla.com](https://ataquilla.com) e rodrigocuevas.sexy

Billetes especiais 'Llagar La Panoya Dorada': rodrigocuevas.sexy

Foto Rodrigo Cuevas: © Ricardo Villoria

Máis información: rodrigocuevas.sexy

Contacto de prensa da xira 'La Belleza' en Galicia

Lucía Pita. 675 404 321 | lucia@coma.gal